



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

## Coristanco - ORDENANZA Nº 1 : ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

Publicación provisional : 13-12-1989 BOP Nº 00 -- Publicación definitiva : 13-12-1989 BOP Nº 00  
Redacción Aplicable desde 13-12-1989

Redacciones

- Artigo 1º.- Fundamento e Natureza.
- Artigo 2º.- Feito Imponible.
- Artigo 3º.- Suxeito Pasivo.
- Artigo 4º.- Responsables.
- Artigo 5º.- Exencións Subxetivas.
- Artigo 6º.- Cota Tributaria
- Artigo 7º.- Tarifa.
- Artigo 8º.- Bonificacións da cota.
- Artigo 9º.- Devengo.
- Artigo 10º.- Declaración e ingreso.
- Artigo 11º.- Infraccións e Sancións.
- Disposición Final.

### Artigo 1º.- Fundamento e Natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Rexime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por expedición de documentos administrativos que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, cuíñas normas atenden ó prevenido no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

### Artigo 2º.- Feito Imponible.

- 1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenrolada con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos administrativos que expida e de expedientes de que entenda a administración ou as autoridades municipais.
- 2.- A estes efectos, entenderáse tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.
- 3.- Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estén grabados por outra taxa ou polos que se esixa un precio público por este Concello.

### Artigo 3º.- Suxeito Pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou en cuio interés redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

### Artigo 4º.- Responsables.

- 1.- Respostarán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
- 2.- Serán responsables subsidiarios os Administradores das Sociedades e os Síndicos, Interventores ou Liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e Entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### Artigo 5º.- Exencións Subxetivas.

Gozarán de exención aqueles contribuíntes nos que concurra algunha das seguintes circunstancias:

- 1.- Haber sido declaradas pobres por precepto legal.
- 2.- Estar inscritos no Padrón da Beneficiencia como pobres de solemnidade.
- 3.- Haber obtido o beneficio xudicial de pobreza, respecto ós expedientes que deban surtir efecto precisamente, no procedemento xudicial no que foran declarados pobres.

### Artigo 6º.- Cota Tributaria

- 1.- A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa Tarifa que contén o artigo seguinte.
- 2.- A cota de tarifa corresponde á tramitación completa de cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.
- 3.- As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 por 100 cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen o devengo.

### Artigo 7º.- Tarifa.

A tarifa que se refire o artigo anterior estrutúrase nos seguintes epígrafes:

CONCEPTOS	EUROS
<b>Epígrafe 1º.- Censos de poboación de habitantes</b>	
1. Rectificación de nomes, apelidos e demais erros consignados nas follas de empadramento .....	0,60
2. Altas, baixas, e alteracións no padrón de habitantes .....	1,50
3. Certificacións de empadramento no Censo de poboación .....	1,50

4. Actas de comparecencia testifical .....	1,50
5. Certificados de conducta, convivencia e residencia.....	1,50
6. Declaracións xuradas e autorizacións paternas .....	1,50
<b>Epígrafe 2º.- Certificacións e compulsas.</b>	
1. Certificación de documentos ou acordos municipais .....	1,50
2. Certificacións relacionadas co servizo de reclutamento .....	0,60
<b>Epígrafe 3º.- Documentos expedidos ou extendidos polas Oficinas Municipais.</b>	
1.- Por expedición de certificacións e informes en expedientes de traspaso, de apertura ou similares de locais, por cada un .....	1,20
2.- Por cada documento que se expida fotocopia, por folio .....	0,60
3.- Por cada documento por xerocopia autorizado por certificación ....	1,20
4.- Por cada contrato administrativo, que se suscribe de obras, bens ou servizos .....	3,06
<b>Epígrafe 4º.- Documentos relativos a Servizos de Urbanismo.</b>	
1.- Por cada expediente de declaración de ruína de edificios .....	90,15
2.- Por cada certificación que se expida de servizos urbanísticos solicitada a instancia de parte .....	6,01
3.- Por cada informe que se expida sobre características do terreo, ou consulta a efecto de edificación a instancia de parte .....	3,06
4.- Por expedición de copias de planos obrantes no expediente de concesión de licenza de obra, por cada m2 ou fracción de plano .....	1,50
<b>Epígrafe 5º.- Outros expedientes ou documentos administrativos</b>	
<b>1.- Por calquer outro expediente ou documento non expresamente tarifado .....</b>	1,20
.	

### Artigo 8º.- Bonificacións da cota.

Non se concederá bonificación algunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na Tarifa desta Taxa.

### Artigo 9º.- Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

Nos casos a que se refire o número 2º do artigo 2º.- o devengo se produce cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sean previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

### Artigo 10º.- Declaración e ingreso.

A Taxa se esixirá en réxime de autoliquidación, polo procedemento de selo municipal adherido ó escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou en estos mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa. Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 66 da Lei de Procedemento administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisoriamente, pero non poderá dárilles curso sen que se subsane a deficiencia, a cuio fin se requerirá ó interesado para que no prazo de dez días aboe as cotas correspondentes có apercibimento de que transcurrido dito prazo sen efectualo, teránse os escritos por non presentalos e será arquivada a solicitude.

As certificacións ou documentos que expida a administración Municipal en virtude de oficio de Xulgados ou Tribunais para toda clase de pleitos, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisficera a correspondente cota tributaria.

### Artigo 11º.- Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponda en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

### Disposición Final.

A presente Ordenanza Fiscal, cuia redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 13 de decembro de 1989, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.